

Nome \_\_\_\_\_ Data \_\_\_\_\_

### Un mundo de fronteiras

O mundo está dividido en Estados que teñen soberanía propia, é dicir, que disponen dun territorio e dun Goberno que regula a vida dos seus cidadáns mediante leis e se encarga das relacións cos Gobernos doutros Estados.

Os límites entre os Estados denominanse fronteiras e establecense por acordos.

As fronteiras poden ser naturais, se coinciden cunha barreira montañosa ou un río, ou ben liñas de delimitación que existen nos mapas pero non no terreo.

No pasado, as fronteiras eran unha importante barreira entre os países e resultaba difícil traspasarlas. Na actualidade, son más permeables: as mercadorías, os traballadores, os turistas, o diñeiro... circulan cada vez con máis liberdade entre os Estados. Por exemplo, a cidadanía europea permítelles aos habitantes dos países membros da Unión Europea residir, estudar ou traballar en calquera país da UE.

Non obstante, no mundo actual existen fronteiras doutro tipo: as que diferencian os países pobres dos ricos e que constitúen barreiras, moitas veces infranqueables, para as persoas que pretenden mellorar a súa calidade de vida.



O río Miño é a fronteira natural entre España e Portugal.

#### 1 Le o texto e contesta.

- Que é unha fronteira? \_\_\_\_\_
- Como poden ser as fronteiras? \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_
- É fácil pasar hoxe en día dun país a outro? E hai anos?  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_
- Que outro tipo de fronteiras existen hoxe en día?  
\_\_\_\_\_

**2** Que territorios forman parte de España?

---



---

**3** Cales son as fronteiras naturais e políticas do noso país?

---



---

**4** Observa o mapa e responde as preguntas.

Aproveitade o mapa para estudar e repasar as C. Autónomas e provincias en: [mapasinteractivos.didactalia.net](http://mapasinteractivos.didactalia.net)



- Quantas Comunidades Autónomas ten España? \_\_\_\_\_
  - Cales son as Comunidades formadas por unha soa provincia? \_\_\_\_\_
- 
-